



**ADDENDA ÁS
PROGRAMACIÓNS
DIDÁCTICAS ADAPTACIÓN
AOS CAMBIOS NORMATIVOS
NA AVALIACIÓN E
PROMOCIÓN NA
EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO- AMOEIRO



ÍNDICE:

I. NORMATIVA.....	3
II. NORMAS XERAIS.....	3
1. CARÁCTER DA AVALIACIÓN.....	3
2. ATENCIÓN ÁS DIFERENZAS INDIVIDUAIS NA AVALIACIÓN	4
III. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE: ALUMNADO	4
1. REFERENTES XERAIS DE VALORACIÓN	4
2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4
3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	5
4. AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR.....	5
5. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
IV. PROMOCIÓN.....	5
1. PROMOCIÓN DE NIVEL E/OU ETAPA	5
2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	6
3. ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON ALGUNHA ÁREA CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA	6
4. ALUMNADO QUE NON ACADE A PROMOCIÓN	6
5. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO	7
6. CONTINUIDADE DO PROCESO DE FORMACIÓN.....	8
7. DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN	8



I. NORMATIVA

- *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EP, ESO e BACH no sistema educativo de Galicia.*
- *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da EP na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 2 de marzo de 2021, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*
- *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (LOMLOE).*

II. NORMAS XERAIS

1. CARÁCTER DA AVALIACIÓN

- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, así como do exercicio da práctica docente, tendo en conta os indicadores de logro establecidos nas programacións docentes.

- Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha **avaliación obxectiva** e que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na **Orde do 2 de marzo de 2021** polo que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción.



2. ATENCIÓN ÁS DIFERENZAS INDIVIDUAIS NA AVALIACIÓN

- Aplicaranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. **Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.**
- Empregaranse **instrumentos de avaliación variados**, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, co fin de permitir a **valoración obxectiva** de todo o alumnado.

III. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE: ALUMNADO

1. REFERENTES XERAIS DE VALORACIÓN

- A avaliación levarase a cabo tomando como **referentes** para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que se recollen no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A avaliación do alumnado será *continua e global*, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de *reforzo educativo*. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios que se terán en conta na avaliación da aprendizaxe do alumnado son os establecidos neste curso 2021/2022 en cada unha das **programacións didácticas**



correspondentes a cada unha das áreas no epígrafe “*VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE*”.

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación empregados para a avaliación do alumnado son os que aparecen especificados en cada unha das **programacións didácticas** das distintas áreas no epígrafe “*CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN*”.

4. AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR

Os **referentes da avaliación** no caso do alumnado con adaptación curricular son os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

5. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

IV. PROMOCIÓN

1. PROMOCIÓN DE NIVEL E/OU ETAPA

1. **Ao finalizar os cursos SEGUNDO, CUARTO e SEXTO** da etapa de EP, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de



avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os CRITERIOS DE PROMOCIÓN e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción será automática en 1º, 3º e 5º.

2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción establecidos para os cursos/niveis de EP2, EP4 e EP6 son os que de seguido se especifican:

Promocionará de curso/etapa (segundo corresponda), o alumnado que cumpra algúns dos criterios que deseguido se especifican:

- Obteña cualificación positiva en todas as áreas do curso.
- Teña unha soa área avaliada negativamente.
- Teña dúas áreas avaliadas negativamente, podendo ser só unha delas Lingua Castelá, Lingua Galega ou Matemáticas.
- Teña tres áreas avaliadas negativamente, non podendo ser ningunha delas: Lingua Galega, Lingua Castelá ou Matemáticas.
- Xa teña repetido unha vez na etapa.

3. ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON ALGUNHA ÁREA CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os **apoios** necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara durante o curso anterior.

4. ALUMNADO QUE NON ACADE A PROMOCIÓN

1. Alumnado que non acade a promoción **PERMANECERÁ UN ANO MÁIS NO CURSO.**
2. Esta medida será considerada de **carácter EXCEPCIONAL** e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.



3. **Esta decisión só se poderá adoptar unha vez durante a etapa**, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

A decisión adoptarase de forma colexiada, atendendo aos seguintes criterios de promoción:

Será susceptible de NON PROMOCIONAR o alumnado que non supere *dúas áreas* suspensas, si son materias instrumentais: Lingua Castelá, Lingua Galega ou Matemáticas; *tres suspensas* (con algunha materia instrumental) ou *máis de tres*.

Nos casos anteriores, o equipo docente, decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Aspectos emocionais e relacionais.
- b) Evolución do alumno/a.
- c) Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que pasaría a formar parte.
- d) Grao de adquisición das competencias clave.
- e) Informe da persoa titora.
- f) Informe do DO.

5. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO

Cando unha alumna ou un alumno permaneza un ano máis no mesmo curso/nivel, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. **Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.**

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo **seguirase** o establecido no **artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.



6. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
7. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, deser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

6. CONTINUIDADE DO PROCESO DE FORMACIÓN

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá **ao finalizar a etapa (curso EP6) ou o ciclo (cursos EP2, EP4)** dun **informe** elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas, indicando de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe debe reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

7. DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Os documentos oficiais de avaliación, así coma o procedemento de expresión dos resultados de avaliación axustaranse ao previsto no artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A *acta de avaliación* de cada curso de EP pecharase ao termo do período lectivo ordinario.

3. No *historial académico* consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso, sen distinción de convocatorias.

4. As seguintes medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:

RE = reforzo educativo

ACS = adaptación curricular

EC = enriquecemento curricular

AF = agrupamento flexible



Dilixencia para facer constar que esta addenda ás programacións didácticas (Adaptación aos cambios normativos na avaliación e promoción na EP) foi presentada ao Claustro, analizada e aprobada por este, o día 3 de maio de 2022, sendo engadida ás programacións didácticas de cada área e nivel/curso.

Segundo o disposto na disposición transitoria cuarta, punto 2, Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EP, ESO e BACH no sistema educativo de Galicia, o alumnado foi informado das modificacións realizadas a través do equipo docente de cada curso e as familias respectivas informadas a través das canles habituais de comunicación con estas (páxina web, espazo abalar e, nos casos que se solicita, de forma presencial).

Amoeiro, 26 de abril de 2022

A directora

Asdo.: M^{te} Beatriz González Limia